

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 16/03/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE
ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS
Lista de asistentes
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
PAOLA MARIA MOCHALES
SONIA OUTÓN CASAL
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
CARLOS COIRA LOJO

Lista de non asistentes
DIEGO GARCÍA SANTIAGO

SECRETARIA
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA ACCTAL
MARIA BERMUDEZ OUTÓN

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 16/03/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 09 de marzo de 2026, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2026/0782

O Concello de Vilagarcía de Arousa vai proceder á contratación temporal de trinta e tres traballadores desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego, ó abeiro do “PLAN MAIS PROVINCIA CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA 2026 LIÑA 3 ACTIVACION DO EMPREGO”, financiado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

O persoal contratado quedará adscrito a distintos servizos municipais, desenvolvendo as tarefas propias de cada departamento, en condicións que requiren o uso obrigatorio de vestiario laboral específico e equipamentos de protección individual, de conformidade coa normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.

Co obxecto de garantir a seguridade e saúde do persoal contratado, así como a súa correcta identificación como persoal municipal adscrito ao programa, resulta imprescindible a adquisición de roupa de traballo e EPIs axeitados ás funcións que van desempeñar.

A totalidade do vestiario incluírá serigrafía identificativa co logo oficial do Concello de Vilagarcía de Arousa e o da Deputación Provincial de Pontevedra, en cumprimento das obrigas de publicidade derivadas do financiamento do programa, garantindo así a correcta visibilidade institucional nas actuacións realizadas.

O número de traballadores asignados a cada servizo e o orzamento estimado do subministro estrutúrase do seguinte xeito:

Partida	Encargado do servizo	Número de traballadores	Orzamento estimado do contrato
171.22199 - Parques e Xardíns	María Dolores Barreiro	4 persoas	1.120,85 € IVE INCLUIDO
1720.22199 - Medio Ambiente	Manuel Linares	5 persoas	1.362,25 € IVE INCLUIDO
1530.22199 - Vías Públicas	Ricardo Pichel Prego	18 persoas	5.343,87 € IVE INCLUIDO
165.22199 - Alumeado Público	Ramón Caldas	3 persoas	640,26 € IVE INCLUIDO
311.22199 - Protección da salubridade pública	Francisco Guillán	1 persoa	215,84 € IVE INCLUIDO

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SEGURLAIN 2020 S.L. con CIF: B-36456952, por un importe total de 8.683,07 € (IVE incluído), para o subministro de EPIs de persoal de nova incorporación para o Plan Mais Provincia 2026, Liña 3, con cargo ás partidas orzamentarias indicadas.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

PRP2026/0813

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto en publicidade no informativo principal "Hora 14 Arosa" en Radio Arosa-Cadena Ser, cunha cuña diaria de publicidade, durante o primeiro semestre do ano, do 1 de xaneiro ao 31 de xuño de 2026, por un importe total de 2.904,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.22602, de conformidade co orzamento presentado por Grupo Radio Pontevedra, con CIF A36005346..

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0835

Polo Servizo de Alumeado Público, indicase que se fai necesario continuar coa implantación e mantemento do sistema de xestión enerxética municipal co obxectivo de garantir un control exhaustivo dos consumos eléctricos, detectar desviacións na facturación, optimizar os contratos de subministración eléctrica e mellorar a eficiencia enerxética das instalacións municipais, especialmente do alumeado público.

Así mesmo, resulta imprescindible contar cun servizo especializado que dea soporte técnico continuo, realice auditorías enerxéticas, actualice os indicadores de consumo e asesore ao Concello na toma de decisións estratéxicas en materia de aforro enerxético.

O servizo inclúe, entre outras actuacións:

- Continuación da implantación do sistema de xestión enerxética e optimización dos contratos eléctricos.
- Reunións periódicas no Concello cunha frecuencia mínima quincenal.
- Revisión mensual da facturación eléctrica, tramitación de cambios de contratos e reclamacións ás compañías subministradoras.
- Uso da ferramenta de xestión enerxética e migración mensual das facturas eléctricas.
- Uso do módulo de xestión do mantemento do alumeado público.
- Actualización do inventario do alumeado público e formación ao persoal municipal para a súa actualización continua.
- Auditoría anual de xestión enerxética realizada por asesor externo e identificación de oportunidades de aforro.
- Elaboración de pregos ou documentación necesaria para licitacións de subministración eléctrica (incluíndo FEMP), con asesoramento ata a sinatura do contrato.
- Actualización de indicadores de evolución do consumo enerxético e elaboración de informe anual de resultados, obxectivos e aforros acadados.

Dada a complexidade técnica destas tarefas, resulta necesario que o servizo sexa prestado por unha empresa especializada en xestión e aforro enerxético.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Antonio Capelo García, con NIF: 06568549W para prestación do servizo de asesoramento técnico, xestión enerxética, revisión da facturación eléctrica e auditoría enerxética do Concello de Vilagarcía de Arousa durante o exercicio 2026, polo importe total de 7.260,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0842

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vilanova de Arousa, de autorización á conexión ás redes de saneamento e abastecemento do Concello de Vilanova de Arousa para vivendas que situadas no Lg. de A Valiña, Solobeira (Vilagarcía de Arousa), non dispoñen de dita conexión, sempre e cando a concesionaria Espina & Delfín informe favorablemente a conexión e a suficiencia das redes existentes e, no caso de executar calquera obra de conesión, se repoña novamente o firme afectado.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta á Empresa concesionaria Espina & Delfín SL para que emita informe sobre a conexión e a suficiencia das redes existentes.

PRP2026/0844

Dáse conta do escrito presentado por Dona Patricia Amarelle Rodríguez de Robles, solicitando novo horario na liña de autobuses que conecta Vilagarcía con Cambados, con unha nova liña, sobre as 7.30 da mañan, para poder adecuarse aos horarios dos traballos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o escrito da Sra. Amarelle Rodríguez de Robles a Transporte Público de Galicia (Bus.gal), solicitando a ampliación de horarios de transporte público entre Vilagarcía de Arousa e Cambados.

PRP2026/0848

Dáse conta de proposta do Servizo de Alumeado Público en relación coa inspección regulamentaria das instalacións eléctricas do edificio da Casa do Concello, resulta necesaria a realización de traballos de reparación e adecuación das instalacións para dar cumprimento aos requirimentos efectuados pola OCA (Organismo de Control Autorizado).

A inspección periódica por OCA é obrigatoria para instalacións eléctricas de pública concorrencia, conforme ao Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión (REBT) e as súas Instrucións Técnicas Complementarias, sendo requisito imprescindible para garantir a seguridade das instalacións e das persoas usuarias do edificio municipal.

Os traballos inclúen:

- Certificado de Instalación Eléctrica (CIE) para IGA 400A.
- Inspección por OCA con acompañamento técnico.
- Substitución e instalación de interruptores de caixa moldeada.
- Modificación de cadros eléctricos xerais e secundarios.
- Instalación de proteccións diferenciais e magnetotérmicos.
- Adecuación de canalizacións e reorganización de circuitos.
- Elaboración de esquemas unifilares e documentación técnica conforme ao REBT.
- Subministración e instalación de novo cadro para aire acondicionado no CGBT.

A actuación é obrigatoria e non demorable, xa que a non corrección das deficiencias detectadas impediría a superación da inspección da OCA, podendo derivar en responsabilidades para a Administración.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a execución dos traballos de reparación e adecuación das instalacións eléctricas do edificio da Casa do Concello conforme ao orzamento presentado por LUMEA SOLUCIONES ELÉCTRICAS, S.L.

Segundo.- Aprobar o gasto por importe total de 18.054,07 € (IVE incluído) con cargo á partida orzamentaria 165.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0893

Dáse conta do informe do Delineante Municipal, do seguinte teor:

"En data 09.03.2026, ás 13,15 horas, realizo vista o parque municipal de Castro Aobre para supervisar o estado do mobiliario urbano e do xacemento arqueolóxico

Durante a visita observase unha serie de pintadas con diferentes anagramas, numeracións e letras, danando tanto ao muro dunha estrutura do século I a C, pertencente ao Castro, como ao mobiliario urbano municipal instalado para desfrute cidadán no ano 2022, na fase de musealización do conxunto arqueolóxico.

No Castro de Aobre, consta a súa ocupación entre os séculos I a C ata o III de C, e conforma un dos máis importantes xacementos arqueolóxicos do noroeste peninsular, do que aínda se está avanzando nas investigacións científicas para o seu coñecemento integral do asentamento. Sitúase na parte alta dun promontorio coñecido como "O Montinho" e ao pé do mar, nunha enseada ben protexida. A esta posición estratéxica únese o seu carácter urbano, o que o

diferencia tamén doutros moitos xacementos característicos do final da Idade do Bronce, sendo ademais o xermen poboacional orixinario do que xurdiría, posteriormente, a cidade de Vilagarcía. En consecuencia, figura no catálogo de bens a conservar do Plan Xeral de Ordenación Municipal, co número de ficha 13PHA.

As pintadas realizadas supoñen unha infracción grave, según establece a Lei 5/2016, do 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia, no artigo 130, apartado 2-bis) "por consistir en la realización de pintadas y otros actos vandálicos que causen daños o tereriores en un bien declarado de interés cultural o catalogado"..

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a documentación á Xefatura da Policía Nacional de Vilaagarcía de Arousa, coa finalidade de que se teña por presentada a correspondente denuncia, e se averigüe, de ser posible, a autoriía dos feitos descritos.

RECURSOS HUMANOS

PRP2026/0821

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 1 ao 28 de febreiro de 2026, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
TOTAL				7.700,00 €

PRP2026/0822

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 28 de febreiro de 2026, por un importe total de 7.300,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIONS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACIÓN XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	
D. CARLOS COIRA LOJO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	50,00 €	1.100,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	2	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	300,00 €
Dª LUZ MARIA ABALO PÉREZ	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1.000,00 €
D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	50,00 €	1.000,00 €
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	---	x 150,00 €	---	x 125,00 €	3	x 50,00 €	150,00 €
Dª Mª ELENA SUAREZ SARMIENTO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. JESUS REY RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	1	x 50,00 €	200,00 €
Dª MARTA MARÍA FERRADANS	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €

PADIN							
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. JULIO VARELA CARDALDA	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
Dª ROSA Mª ABUIN RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
TOTAL							7.300,00 €

PRP2026/0892

Vista resolución de Deputación provincial de Pontevedra da concesión dunha subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa ao aberito do Plan + provincia para á activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (Liña 3) (Expte. 2026004394), por importe de 293.915,78 €, que representas o 55,75% sobre o orzamento elixible do proxecto, non incluída a indemnización por cese, como custo subvencionable.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: A aprobación da bases para a selección de 33 traballadores/as desempregados/as de entre os candidatos enviados preseleccionados polo Servizo Público de Emprego, na modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social co código 405. O obxecto da contratación será para o fomento do emprego do PLAN MÁIS PROVINCIA da Deputación provincial de Pontevedra, por un periodo de 8 meses e cunha xornada a tempo completo de 37,5 horas semanas, segundo as Bases reguladoras da convocatoria.

Segundo: O inicio da contratación cun coste estimado para o Concello de 244.175,26 €

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2026/0841

Nas datas 17/11/2025,04/12/2025 e 12/12/2025 a entidade Bonecos Vilagarcía SL presenta solicitude de compensación por déficit para os gastos de mantemento da Escola Infantil Municipal do curso 2025/2026. A datas 16/01/2026 e 25/02/2026 a entidade citada presenta solicitude de compensación por déficit para os gastos de mantemento da Escola Infantil Municipal do curso 2025/2026, cos resultados económicos dos meses de decembro de 2025 e xaneiro de 2026.

A subvención recibida pola Xunta de Galicia en relación ao procedemento/expdte -BS420D- 25-00017 na LIÑA 1- mantemento- por importe de 66.000,00 euros, ten como finalidade os "gastos de persoal, alimentación e outros gastos xerais do centro":

- Anualidade 2025: 24.000,00 euros

- Anualidade 2026: 42.000,00 euros

Á vista do informe emitido polo Centro de Servizos Sociais en relación ao déficit económico na xestión da Escola Infantil Municipal, e vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local, con cargo á subvención da Xunta de Galicia para o mantemento da Escola Infantil Municipal, acorda:

- Transferir a BONECOS VILAGARCÍA S.L. o importe 39.842,50 euros para gastos de mantemento da Escola infantil municipal, con cargo á partida 323.48007, que proveñen da subvención concedida pola Xunta de Galicia.

EMPREGO

PRP2026/0837

Dase conta do acordo da Xunta de Goberno Local da Diputación Provincial de Pontevedra do día 27 de febreiro de 2026, donde acórdase aprobar a concesión dunha subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3), para a contratación de 33 traballadores/as nas categorías laborais que se relacionan, polo importe de 293.951,78€:

TOTAL 33 traballadores/as xornada completa 8 meses dende o 1 de abril de 2026

- 12 Peóns Axudantes Albaneis
- 1 Peón fontaneiro/a
- 6 Peóns Pintores/as e/ou empapeladores
- 2 Peóns Instaladores/as electricistas
- 4 Peóns forestais
- 4 Peóns Traballadores/as de Conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos
- 1 Peón Conductor/a operador/a de retroexcavadora
- 2 Axudantes mantedores/as de instalacións deportivas
- 1 Peón laceiro/a recollida de animais

A aportación municipal ascende a 244.175,26 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/0785

Dáse conta da Certificación Final e Comunicación remitida pola Subdirección Xeral de Regulación e apoio ao Comercio Interior do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, dentro do proxecto Vilagarcía Viva. Proxecto de Mellora, revitalación e resiliencia de mercados tradicionais e zonas comerciais urbana, financiado con fondos NEXT GENERATION.

No proxecto de referencia, en data 12 de novembro de 2025, deuse conta á XGL dos informes técnico e económico provisionais nos que por parte do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, se aceptaba a xustificación de todos os gastos realizados polo Concello de Vilagarcía, establecendo unha porcentaxe de execución do 79,73 % sobre o conxunto do proxecto.

En sesión de XGL de 17 de novembro de 2025, en relación cos expedientes de referencia, adoptouse o seguinte acordo (PRP2025/4467):

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local:

- Queda sabedora da notificación dos informes provisionais Económico e técnico remitidos polo Ministerio,
- Tendo en conta que expresamente se acepta a xustificación de todos os gastos presentados polo Concello, acorda non facer alegacións fronte aos devanditos informes provisionais

Unha vez transcorra o prazo de alegacións e remitan os informes definitivos, dar conta aos departamentos de intervención e tesourería, da obriga de reintegro da cantidade de 108.873,94 a efectos de que se fagan as operacións contables oportunas.

En data 27 de novembro, notificouse ao Concello a Certificación final do proxecto nos mesmos termos establecidos nos informes provisionais, polo que non se formularon alegacións fronte á mesma.

O 26 de xaneiro de 2026 recibíuse comunicación da SUBDIRECCIÓN XERAL DE REGULACION E APOIO AO COMERCIO INTERIOR DO MINISTERIO DE ECONOMIA, COMERCIO E EMPRESA en cuxo punto 3 recomenda que, para o caso de estar de acordo coa Certificación Final, se proceda a facer o ingreso o antes posible.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Quedar sabedora da Certificación final ditada no expediente de referencia
- A anulación das operacións polos saldos indicados no oficio de data 5 de febreiro de 2026, emitido pola intervención municipal

Fase	Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre
A	4311 6270018	1.875,50		APROBACIÓN PCAP PARA LA CONTRATACIÓN DE LA CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN ONLINE PARA LAS PLAZAS DE ABASTOS DEL AYUNTAMIENTO.
A	4311 6270018	194,00		AUTORIZACIÓN SUMINISTRO CARPA PARA REALIZACIÓN ACCIONES DINAMIZACIÓN COMERCIAL

A	4311 2261018	957,40		AUTORIZACIÓN ACCIONES DINAMIZACIÓN CALLES COMERCIALES NAVIDAD 2023
A	4311 6270018	216,17		APROBACIÓN MEMORIA VALORADA DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DOS ESPACIOS E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NAS ZONAS COMERCIAIS
A	4311 6270018	4.773,84		APROBACIÓN PCAP PARA OBRAS ADECUACIÓN PLAZA ABASTOS PARA ACCIONES DE HÁBITOS SALUDABLES Y ECONOMÍA CIRCULAR.
Total A		8.016,91		
AD	4311 2261018	0,24	ASOC DE PROFESIONALES AMBIENTALES GALICIA	ADJUD. CAMPAÑA DE FOMENTO DE ECONOMIA CIRCULAR_mayo 2023.
AD	4311 2261018	70,00	QUINTEIRO ROA, NELSON	ADJUDICACIÓN CONTRATO SERVICIOS PARA ACCIONES DINAMIZACIÓN CALLES COMERCIALES NAVIDAD 2023
AD	4311 6270018	14.811,61	DIPETRINTA, S.L.	ADX. ADQUISICIÓN PANTALLAS INFORMATIVAS PRAZA DE ABASTOS VILAGARCÍA. LÍNEA 1- TRANSFORMACIÓN DIGITAL.
Total AD		14.881,85		
RC	4311 2261018	2.069,10		RC LÍNEA 1- TRANSFORMACIÓN DIGITAL.
RC	4311 6270018	25.844,39		RC LÍNEA 1- TRANSFORMACIÓN DIGITAL.
RC	4311 6270018	8.827,16		RC LÍNEA 3 - SOSTENIBILIDAD Y ECONOMÍA CIRCULAR.
RC	4311 2261018	3.025,00		RC LÍNEA 4 - PLAN FORMACIÓN EN MATERIA DE DIGITALIZACIÓN Y COMERCIO ELECTRÓNICO
RC	4311 2261018	4.840,00		RC LÍNEA 4 - ASESORAMIENTO INDIVIDUALIZADO PARA PUESTA EN MARCHA Y OPTIMIZACIÓN PLANES DIGITALIZACIÓN PEQUEÑO COMERCIO.
RC	4311 6270018	12.826,00		RC LÍNEA 4 - CAMPAÑA DE FOMENTO DE ESTRATEGIAS DE ECONOMÍA CIRCULAR
RC	4311 2261018	7.450,50		RC LÍNEA 5 - OTROS GASTOS
RC	4311 6270018	42.612,15		RC LÍNEA 5 - OTROS GASTOS
RC	4311 6270018	5.082,00		INCOACIÓN ADQUISICIÓN VEHÍCULO ELECTRÓNICO PARA REPARTO A DOMICILIO (ÚLTIMA MILLA) EN PLAZA DE ABASTOS
RC	4311 6270018	14.398,88		INCOACIÓN EXPEDIENTE ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN TAQUILLAS DE ENTREGA INTELIGENTES PRAZA ABASTOS DE VILAGARCÍA
RC	4311 6270018	9.374,52		RC LÍNEA 3 - SOSTENIBILIDAD Y ECONOMÍA CIRCULAR.
Total RC		136.349,70		
Total general		159.248,46		
DISPONIBLE PROXECTO		NO 9.150,13		
		168.398,59		

- Seguindo a recomendación indicada pola Subdirección Xeral de Regulación e apoio ao comercio interior, se proceda, nos termos do acordo adoptado o 17 de novembro de 2025, ao reintegro do remanente correspondente ás actuacións non executadas así como ás baixas producidas nas diferentes licitacións
- Que sendo precisa a utilización dos remanentes para outras accións da Concellería de Promoción económica, se reintegre o saldo de 59.336,13 Euros á partida correspondente.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2026/0832

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, para os Concertos do Festival Internacional de Música Clasclas 2026.

A XGL ten aprobado o proxecto do Festival clasclás 2026 na sesión do 19/01/2026, código de

Proxecto 2026-3-CRRTE-5.

Para esta edición, seguindo os bos resultados do ano 2025, desexamos poñer á venda entradas para os diferentes concertos do Programa Sinfónico Artístico e do Programa Matinée do Festival e que terán lugar no Auditorio Municipal, no Pazo da Golpelleira, no Salón García e na Igrexa de Vistalegre.

A venda de entradas realizarase ao abeiro do contrato que o Concello de Vilagarcía ten asinado coa Fundación Galicia Obra Social (AFUNDACIÓN) e a través da súa plataforma Ataquilla.com, como en anteriores edicións.

O prezo que se propón que o Concello cobre para os concertos de pago desta IX edición son os seguintes:

- 7,00 € máis os gastos de xestión que correspondan segundo o contrato asinado con Afundación, para os concertos inaugural e de clausura dos días 20 e 27 de xuño no Auditorio Municipal.
- 5,00 € máis os gastos de xestión que correspondan segundo o contrato asinado con Afundación, para os concertos dos días 21 no Salón García e 22, 25 e 26 de xuño no Auditorio Municipal
- 35,00 € máis os gastos de xestión que correspondan segundo o contrato asinado con Afundación, para o concerto do día 24 de xuño no Pazo da Golpelleira
- 3,00 € máis os gastos de xestión que correspondan segundo o contrato asinado con Afundación, para os concertos do programa clasclás matineé dos días 24 na Igrexa de Vistalegre e 26 e 27 de xuño no Salón García.

O concerto que terá lugar no Pazo da Golpelleira o 24/06/2026 organizarase, como en anos anteriores, coa empresa Cocina Gallega Contemporánea S.L. con CIF B94129095 – Sens Restauración - que realiza habitualmente o servizo de restauración deste espazo.

A velada celebrarase na carpa situada nas instalacións do Pazo, tendo lugar a continuación un servizo de catering nos xardíns deste emblemático espazo ofrecido pola dita empresa.

O inicio da venda das entradas será o vindeiro 6 de abril de 2026, coincidindo coa rolda de prensa de presentación da IX edición do festival.

De acordo coa Ordenanza Fiscal nº III.2 reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenis e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello compre, pois, proceder ao establecemento do prezo público para a venda das entradas dos concertos da IX edición do Festival Internacional de Música clasclás que terán lugar entre os días 20 e 27 de xuño no Auditorio Municipal, Salón García, Pazo da Golpelleira e Igrexa de Vistalegre.

Por outra banda, Ataquilla sumará a cada entrada os gastos de xestión correspondentes en virtude do contrato que Afundación ten co Concello de Vilagarcía de Arousa, e que corresponde aboar a cada persoa que adquira as mesmas.

Cuarto.- Ingresos e gastos previstos

DATA	LOCALIZACION	AFORO	Nº DE ENTRADAS Á VENDA	IMPORTE DE CADA ENTRADA	INGRESOS ESTIMADOS	TOTAIS
20/06/2026	Sala Principal Auditorio Municipal	754 localidades	650	7,00 €	4.450,00 €	
21/06/2026	Salón García	249 localidades	200	5,00 €	1.000,00 €	
22/06/2026	Sala Principal Auditorio Municipal	754 localidades	500	5,00 €	2.500,00 €	
24/06/2025	Igrexa de Vistalegre	180 localidades	145	3,00 €	435,00 €	
24/06/2026	Pazo da Golpelleira	368 localidades	278	35,00 €	9.730,00 €	
25/06/2026	Sala Principal Auditorio Municipal	754 localidades	500	5,00 €	2.500,00 €	
26/06/2026	Salón García	249 localidades	200	3,00	600,00 €	
26/06/2026	Sala Principal Auditorio Municipal	754 localidades	500	5,00 €	2.500,00 €	
27/06/2026	Salón García	249	200	3,00	600,00 €	

		localidades			
27/06/2026	Sala Principal Auditorio Municipal	754 localidades	650	7,00 €	4.450,00 €
TOTAIS		5.065	3.823		28.762,00€

Ingresos: En base á venda das entradas anteriormente sinaladas estimamos uns ingresos totais de 28.762,00 €

Gastos: Catering Pazo da Golpelleira, con cargo ao orzamento do Festival clasclás para o ano 2026 e que ascenderá a 8.340,00 € IVE engadido, presentándose posteriormente a proposta de gasto.

Unha vez finalizado o festival darase conta do importe total de ingresos segundo as follas de liquidación que facilite Ataquilla.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o establecemento do prezo público para a venda das entradas dos concertos da IX edición do Festival Internacional de Música clasclás 2026 ao abeiro da Ordenanza Fiscal nº III.2 reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello que terán lugar no Auditorio Municipal, Pazo da Golpelleira, Salón García e Igrexa de Vistalegre entre o 20 e o 27 de xuño de 2026 e segundo se indica de seguido

Programa	Localización	Prezo público
Programa Sinfónico	Auditorio Municipal (20 e 27 de xuño)	7,00 €
Programa Artístico	Salón García (21 xuño) Auditorio Municipal (22,25,26 de xuño)	5,00 €
Programa Artístico	Pazo da Golpelleira (24 de xuño)	35,00 €
Programa clasclás matinée	Igrexa Vistalegre (24/06) e Salón García 26/06,27/06)	3,00 €

SANIDADE

PRP2026/0814

O servizo de Cemiterios deste Concello dispón dun almacén que, debido ao paso do tempo, atópase nun estado de conservación deficiente. Dado que nos últimos anos o servizo está incorporando nova maquinaria para un mellor desempeño dos traballos, é preciso levar a cabo as tarefas de substitución do tellado existente no citado almacén para poder empezar a utilizalo tanto para gardar a carretilla elevadora como para utilizalo como almacén da ferramenta existente no servizo, dacordo coas recomendacións sinaladas trala inspección do servizo de prevención de riscos laborais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Almacén e Ferros Aousa SL, con CIF B94094463, para o subministro de 90,00 m² de panel tella vermello, para substituír a cuberta do almacén sito no Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 2.722,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0815

Dende o servizo de Cemiterios infórmase que, debido á recente construción dun bloque de nichos no Cemiterio de Vilagarcía de Arousa, é preciso levar a cabo a sinalización dos nichos que contados no novo bloque así como asignarlle o número de bloque que lle corresponda. Neste orzamento estaría incluída a impresión e colocación da sinalización.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa: BAÑOSPRINT.S.L., con CIF: B-36.252.872, por un importe total de 1.033,34 € (IVE incluído), para a impresión e colocación de carteis sinalizadores nos Cemiterios Municipais de Vilagarcía de Arousa e Carril, con cargo á partida orzamentaria 164.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2026/0820

As Concellería de Xuventude e de Servizos Sociais propoñen á XGL A APROBACIÓN DAS BASES DO CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN COS PREZOS PÚBLICOS ESTIMATIVOS DAS SÚAS MODALIDADES: BÁSICA (SEN COMEDOR) E COMPLEMENTARIA (CON COMEDOR), ademais da aprobación dos orzamentos e das adxudicacións dos servizos de comedor e limpeza.

O Servizo, dirixido a 70 nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de decembro de 2022 empadroados no Concello de Vilagarcía de Arousa, que formen parte dunha unidade familiar na que ambos proxenitores ou titores teñan unha actividade laboral ou participen nun proceso de formación regrado ou oficial, no horario de desenvolvemento do servizo, presenta dúas modalidades:

1º.- Servizo de CAMPAMENTO URBANO BÁSICO (sen comedor): con actividades de ocio e ocupación do tempo de lecer baseadas nos principios da educación non formal, en horario de 9.00 h a 14.00 h (con Plan Madruga en horario de 8.00 a 9.00 h. para os menores que o soliciten). Levarase a cabo durante o mes de xullo e ata o 14 de agosto de 2026 no CEIP A Lomba en horario de 8.00 h. a 15.00 h (de 8.00 a 9.00 h o Plan Madruga).

2º.- Servizo de CAMPAMENTO URBANO CON COMEDOR. (co horario ampliado de 14.00 a 15.00 h para todos aqueles nenos/as que participen no servizo de comedor).

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar as bases cos prezos públicos correspondentes ao servizo básico (sen comedor) e complementario (con comedor).

2.- Aprobar os seguintes prezos públicos

- Sen comedor:

- 135 € (o total do período: do 1 de xullo ao 15 de agosto).
- 90 € mes.
- 45 € a quincena.

- Servizo de Comedor: Cantidade máxima a pagar por usuario e día 5 €.

As cotas do servizo terán unha redución baseada na renda per cápita familiar mensual referida ao IPREM vixente, seguinte:

